



IV encontro
do deseño
galego



allariz

18—04—26

organiza

DAG

colabora



4º ENCONTRO DO DESEÑO GALEGO

18 de abril, 2026 / Allariz (Ourense)

Fundación Vicente Risco

A Asociación Galega de Deseño (DAG) ten celebrado con anterioridade tres Encontros do Deseño Galego. Unha iniciativa que xorde coa vocación de descentralizar os eventos de deseño achegando profesionais e disciplinas a localidades máis pequenas, fóra das urbes que acostuman acoller este tipo de actividades, co obxectivo de facer comunidade e traballar para o interés común ao tempo de coñecer os recursos culturais e patrimoniais do país.

O primeiro tivo lugar en Rianxo o 31 de xullo e 1 de agosto de 2025. O programa contou con relatorios, mesas de debate, presentacións de proxectos e visitas culturais, neste caso á Casa-Museo de Manuel Antonio. O segundo encontro celebrouse en 2023, na Casa-Museo de Rosalía de Castro, en Padrón, o 27 de maio e transcorreu tamén con relatorios de varias asociadas a DAG, a presentación do proxecto AR\DE e un tempo para debater sobre cuestións relacionadas coa asociación e unha visita guiada á Casa da man de Pepe Barro, responsable da musealización. Para o 3º desprazámonos a Cangas e, logo dunha mañá de presentacións de proxectos de deseño na casa consistorial e un xantar de confraternización, fixéronse visitas guiadas á contorna das instalacións da antiga conservería Massó e ao Museo do Videoxogo, dous recursos vinculados ao deseño galego desde perspectivas moi distintas.

Para a DAG, celebrar o cuarto encontro na provincia de Ourense, concretamente na vila de Allariz, é unha oportunidade de achegarse a recursos como a Fundación Vicente Risco, o Museo Galego do Xoguete ou o Museo da Moda, ademais de xerar un espazo para compartir reflexións sobre deseño e coñecer de primeira man o traballo de socios e socias.

Nas edicións previas contamos coa colaboración do Concello, no caso de Rianxo e Cangas, que nos facilitaron espazos municipais para desenvolver as xornadas, e da dirección da Casa de Rosalía que nos acolleu tamén nas súas instalacións. Desta volta, estamos máis que agraecidos/as de contar co apoio da Fundación Vicente Risco para o desenvolvemento da xornada.

A gráfica desta edición é do compañeiro Carlos El Rojo.

PARTICIPANTES

Ismael Velo / ismaelvelo.com

Deseñador de produto orixinario de Allariz (Ourense), actualmente afincado en Porto logo dunha ducia de anos en Amsterdam. Segundo as súas propias palabras, artesán de corazón e deseñador de formación, goza do proceso de deseño e desenvolvemento de produtos físicos na súa maioría, de beleza sinxela e que teñan un impacto positivo na vida das persoas. En 2019, o proxecto Smartians, no que traballou como parte no estudio holandés FROLIC, recibiu un Red Dot Award e en 2023 recibiu o Premio Galicia de Deseño e Innovación da Xunta de Galicia na categoría de talento emerxente.

Steph Wurm / wurmaneiros.com

Deseñadora gráfica e directora de arte especializada na área de identidade visual e xestión de marca. De orixe austríaca, veu dar a Arnois (A Estrada) onde comparte estudio con Xaime Aneiros, logo de pasar case dúas décadas anos traballando en Barcelona. Socia tamén a de ADG-FAD, ven de exercer de presidenta do xurado dos premios Art Directors Club of Europe e, desde 2023, compaxina o traballo no estudio co rol de líder do equipo de deseño en Brandbunch, traballando para recoñecidas marcas internacionais.

Idoia Cuesta / idoiacuesta.com

Creadora textil especializada en cestería contemporánea que transita entre o deseño, a artesanía e a arte. Orixinaria do País Vasco, leva anos traballando desde o rural galego, concretamente nunha aldea de Outeiro de Rei (Lugo), dede onde explora a relación entre o humano e a contorna. Entre outros recoñecementos, levou o Premio Nacional de Artesanía en 2014 na categoría de produto. Ademais de liñas de produto propias destacan as súas colaboracións con firmas como Loewe ou Adolfo Domínguez.

Francisco Pedras

Enxeñeiro agrícola, desenvolveu parte da súa traxectoria na área de innovación do CIS-Madeira promovendo proxectos de sostibilidade enfocados á reutilización de residuos creación de materiais innovadores. Actualmente traballa na Oficina Agraria Comarcal de Xinzo e desde a asociación A Monte impulsa actuacións encamiñadas a conservación do patrimonio natural, a biodiversidade a multifuncionalidade e a valorización de recursos xerados polas frondosas autóctonas de Galicia.

PROGRAMA

MAÑÁ

10.15 h

Benvida no auditorio da Fundación Vicente Risco

10.30 h - 11.45 h

Presentación de proxectos de socios/as da DAG coa intervención de: Ismael Velo, Steph Wurm e Idoia Cuesta

11.45 h - 12.00 h

Pausa

12.00 h - 13.00 h

Coloquio cos participantes da xornada e Francisco Pedras

13.00 - 13.30 h

Visita á Fundación

XANTAR

14.00 a 16.30 h

TARDE

17.00 h - 18.00 h

Visita ao Museo Galego do Xoguete / Grupo A

Visita ao Museo da Moda / Grupo B

18.00 h - 19.00 h

Visita ao Museo Galego do Xoguete / Grupo B

Visita ao Museo da Moda / Grupo A

Paseo pola vila de Allariz ou a ribeira do Arnoia